

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 13 DE XANEIRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón das actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para axudar aos concellos galegos a cubrir os postos de traballo reservados a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da aprobación do Plan de inspección ambiental de Galicia 2025-2030.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Empresa Universidade Galega para o impulso da transferencia de tecnoloxía no sistema de I+D+i de Galicia, por importe de novecentos noventa e nove mil novecentos setenta euros (999.970,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón das convocatorias do concurso público dos terreos francos resultantes da declaración de caducidade dos dereitos mineiros correspondentes ás catro provincias galegas.
- Acordo polo que se autoriza a superar o límite no pagamento anticipado e a eximir da constitución de garantías no pagamento a conta e anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape, que aproba as bases reguladoras IA360, axudas para o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación mediante o uso da Intelixencia Artificial para o ano 2025, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva, por un importe total de dez millóns douscentos setenta e nove mil cento sesenta e sete euros (10.279.167,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a superar o límite e a eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas para a mellora da capacidade da innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en plans de deseño e innovación (programa Igape Innova) para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, por un importe total de catro millóns de euros (4.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de evolución de ferramentas para a tramitación electrónica integral da Xunta de Galicia, cofinanciado pola Unión Europea nun 60 % con cargo ao programa de Galicia Feder 2021-2027 por un orzamento de licitación (IVE incluído), de dous millóns douscentos noventa e seis mil douscentos sesenta e cinco euros con corenta céntimos (2.296.265,40 €) e un valor estimado de catro millóns cincocentos cincuenta e catro mil cincocentos setenta e seis euros (4.554.576,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato do servizo de redacción de proxecto e dirección de obra para a construción dun edificio para aloxamentos compartidos, zonas comúns, garaxes e rochos na avenida de Xoán XXIII, esquina con Costa Vella de Arriba, Santiago de Compostela (A Coruña).
- Acordo polo que se toma razón da declaración da área de rehabilitación integral Meicende-O Petón no concello de Arteixo.
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Acondicionamento da AC-421 en Aqualada (Coristanco)".
- Acordo que se toma razón do inicio da tramitación do Decreto polo que se regulan as entidades de certificación de conformidade municipal na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea o seu rexistro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e á exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que aproban as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galego, e se convocan para o ano 2025 por un importe total de tres millóns de euros (3.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da resolución das axudas reguladas na Orde do 2 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), establecemento de persoas agricultoras mozas, establecemento de novas persoas agricultoras, investimentos en modernización e/ou mellora ou vinculados a contribuir á mitigación-adaptación ao cambio climático e uso eficiente dos recursos naturais na explotacións agrarias

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e ancoradoiros.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a proposta de oferta de emprego público docente para o ano 2025.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre as actuacións da Xunta de Galicia para incentivar e fomentar a prestación de servizos financeiros básicos no rural

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta da aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: senda peonil na AC-433 (Laxe). Segunda fase.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as medidas postas en marcha pola Consellería de Sanidade para a mellora da xestión e do control dos procesos de incapacidade temporal.
- Informe sobre a posta en marcha dos hospitais de día e onco-hematolóxicos do Hospital Virxe da Xunqueira de Cee e do Hospital da Barbanza en Ribeira.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de axudas ás persoas traballadoras autónomas, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2025.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a promoción e consolidación do emprego autónomo a través do Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas e a contratación de persoal de apoio, e se convocan para o ano 2025.
- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Plan Galicia emprega de incentivos á contratación na empresa ordinaria, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FAVORECEU A COBERTURA DE PRETO DE 170 POSTOS RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL

O Consello do Goberno galego avaliou as actuacións impulsadas para axudarlles aos concellos galegos a cubrir estas prazas fundamentais na xestión diaria das administracións locais

O Consello da Xunta avaliou na xornada de hoxe o informe sobre as actuacións realizadas pola Xunta para axudarlles aos concellos galegos a cubrir os postos de traballo reservados a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional. Segundo o balance presentado, as medidas autonómicas facilitaron a cobertura de case 170 prazas.

As funcións atribuídas a este colectivo inclúen a de Secretaría, que dá fe pública e asesoramento legal, e a de Intervención, encargada do control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, contabilidade, tesouraría e recadación. Na actualidade, as prazas reservadas á subescala de secretaría-intervención (concellos de menos de 5.000 habitantes, que en Galicia supoñen o 64 % do total) carecen de titular en 45 concellos: 15 de Ourense, 11 de Pontevedra, 10 de Lugo e 9 da Coruña.

No informe ponse de manifesto a importancia das funcións reservadas a este persoal e do risco que representa a súa falta na eficacia da xestión diaria local. Para contribuír a solucionar a carencia, a Xunta creou en 2017, de xeito pioneiro, unha bolsa autonómica de interinos para cubrir postos de funcionarios con habilitación de carácter nacional. A medida, enmarcada no compromiso e o apoio ás entidades locais, facilita a cobertura inmediata dos postos.

Precisamente nestas datas rematou a cuarta convocatoria do proceso selectivo para o acceso ás bolsas para a provisión temporal, mediante interinidade, destes postos de traballo, tras as realizadas en 2017, 2019 e 2021. De feito, esta semana o *Diario Oficial de Galicia* publicaba as novas inclusións e actualizacións de méritos nestas bolsas, con 263 persoas integrantes nas subescalas de secretaría-intervención, secretaría e intervención-tesouraría.

As persoas aspirantes debían superar unha proba tipo test sobre o correspondente temario, unha proba de galego no caso de non ter o Celga 4 ou o equivalente homologado, e realizar un curso de formación práctica. Nas tres convocatorias efectuadas ata agora producíronse 277 incorporacións nas listas autonómicas, ás que se suman 54 novas inclusións. En concreto, producíronse 150 integracións na subescala de secretaría-intervención, 91 na de secretaría de entrada e 90 na de intervención-tesouraría de entrada.

Cómpre sinalar tamén que a Xunta leva anos reclamándolle ao Goberno central o aumento de prazas e a mellora da cobertura destes postos, xa que os concellos galegos,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

polo seu pequeno tamaño e dispersión, vense especialmente prexudicados no seu labor diario por esta falta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ O CONTROL SOBRE A XESTIÓN DOS RESIDUOS INDUSTRIAIS PARA REDUCIR A XERACIÓN E OPTIMIZAR O SEU TRATAMENTO EN LIÑA COS GRANDES RETOS CLIMÁTICOS

- O Consello toma razón do Plan de inspección ambiental de Galicia 2025-2030, que incorpora como principal novidade un programa de vixilancia específico neste eido
- Outro dos aspectos nos que se incidirá durante o próximo período é a axilización dos mecanismos de avaliación dos resultados e a dixitalización dos procedementos co obxectivo de garantir unha maior calidade e eficacia do labor inspector
- Trátase do terceiro programa de vixilancia ambiental que aproba o Goberno galego desde o ano 2013 e na súa elaboración primouse a necesidade de avanzar cara á protección da saúde humana e do medio ambiente, en consonancia coa lexislación marco europea, estatal e autonómica e como resposta á crecente demanda social
- Entre 2019 e 2024 os técnicos da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, coa colaboración da Policía Autonómica, realizaron preto de 8.000 visitas

A Xunta reforzará o control sobre a xestión que se fai en Galicia dos residuos industriais co dobre obxectivo de reducir a súa xeración e de impulsar un tratamento axeitado deste tipo de refugалlos, tendo en conta tanto o seu volume como a súa relevancia ambiental polos riscos potenciais que levan asociados.

Esta é unha das principais novidades do novo Plan de inspección ambiental de Galicia 2025-2030 da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do que tomou razón esta mañá o Consello e que vai en liña cos obxectivos e retos en materia de clima asumidos pola Xunta e coas políticas para o impulso da economía circular.

De feito, por primeira vez, a planificación plurianual da Xunta neste eido incluírá un programa específico para os xestores de residuos industriais co que se espera contribuír a promover unha política adecuada e eficaz neste eido. Ademais, o novo Plan de inspección ambiental de Galicia contará con outros catro ámbitos de actuación en función do tipo de suxeito que se someta a vixilancia: instalacións con autorización ambiental integrada (AAI), é dicir, aquelas cun maior impacto potencial; traslado de residuos; vertedoiros; outras actividades; e os xa mencionados xestores de residuos.

A través destes cinco plans específicos de traballo preténdese conseguir unha maior eficiencia no labor dos inspectores que realizan esta función, comprobando que as distintas instalacións cumpren coa normativa sectorial vixente e centran os seus esforzos en evitar ou, cando isto non sexa posible, reducir e controlar a contaminación sobre os distintos vectores ambientais.

De forma complementaria, inclúese tamén un plan transversal de xestión da calidade da inspección ambiental que prevé, entre outras medidas, o desenvolvemento dentro da plataforma dixital GAIA do módulo de seguimento ambiental e de novas funcionalidades na aplicación de inspección para aumentar a telematización, a transparencia e a relación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

directa cos interesados. Isto permitirá establecer indicadores para avaliar de forma áxil os resultados das inspeccións e favorecerá a dixitalización dos procedementos.

Cómpre lembrar que o Plan de inspección ambiental de Galicia 2025-2030, que entrará en vigor este ano, é o terceiro que aproba o Goberno galego desde 2013 de acordo coa normativa europea e nacional. O seu ámbito de aplicación abranguerá todas as actividades de calquera tipo que sexan susceptibles de afectar negativamente ao medio ambiente e que se localicen ou desenvolvan dentro do ámbito territorial de Galicia.

De feito, na súa elaboración primouse a necesidade de avanzar cara á protección da saúde humana e do medio ambiente, en consonancia coa lexislación marco en vigor e como resposta á crecente demanda social que existe neste eido.

O novo programa plurianual define as liñas estratéxicas e o marco de actuación a seguir no período 2025-2030 aínda que deberá desenvolverse a través de sucesivos programas anuais para ter un control sobre as actividades implantadas no territorio e as repercusións que estas poidan ter sobre o medio ambiente e a saúde. Esta flexibilidade resulta clave para adaptarse a posibles cambios así como aos recursos dispoñibles en cada momento e á propia experiencia adquirida durante a súa execución.

Balance do Plan 2019-2024

No marco do Plan de inspección ambiental 2019-2024 cómpre subliñar que se realizaron un total de 7.940 visitas, tanto programadas como aleatorias, repartidas en catro grandes áreas: actividades sometidas a AAI; actividades que non precisan contar cunha AAI; traslado de residuos transfronteirizos, e vertedoiros.

Como aspectos positivos e máis relevantes nos últimos seis anos, cómpre destacar que case o 60 % das instalacións sometidas á normativa de prevención e control integrados da contaminación incrementaron o grao de cumprimento da súa autorización ambiental.

Ademais, constatouse unha mellora xeneralizada do cumprimento ambiental por parte dos sectores obxecto de inspección —talleres, depósitos de chatarra, puntos limpos...— e unha diminución dos puntos de vertidos incontrolado (PVI) de residuos en Galicia, dous logros nos que o persoal do Servizo de Inspección Ambiental da Consellería (que consta de 23 prazas de inspectores) contou tamén coa colaboración dos axentes da Unidade da Policía Autonómica adscrita a Galicia e da Garda Civil.

Galicia, referente en inspección ambiental

A experiencia e o camiño percorrido pola Comunidade galega en materia de inspección ambiental convértena nun referente, ao ser tamén unha das primeiras rexións europeas en contar cun Manual de inspección ambiental e coa certificación de Sistema de Xestión de Calidade (ISO 9001:2015), que constata a excelencia do servizo prestado.

Ademais, Galicia posúe un Decreto de inspección ambiental que foi actualizado en 2020 para adaptalo ás novidades normativas dos últimos anos e segue avanzando na implantación dos procedementos telemáticos e dixitais neste eido a través de GAIA, que dispón dunha aplicación específica en materia de inspección de acordo coas novas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obrigas introducidas pola Lei de residuos e solos contaminados de Galicia para mellorar a trazabilidade para o control dos refugалlos.

Cómpre ter en conta que os niveis de exigencia dos requisitos ambientais están marcados por directivas comunitarias e a vixilancia do seu cumprimento por parte daquelas actividades que se desenvolven en Galicia e son susceptibles de afectar o medio ambiente realízase de forma exhaustiva e programada, primando as instalacións obxecto de inspección e a frecuencia das mesmas en función dunha análise de riscos.

Neste sentido, a Xunta defende que a correcta xestión ambiental dunha empresa é unha das claves da calidade final do produto, polo que aposta por actividades sostibles e ambientalmente comprometidas, ao tempo que traballa para manter a posición de referencia que ocupa Galicia na organización, cumprimento e resultados no eido da inspección ambiental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E FEUGA COLABORAN PARA REFORZAR A TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DE I+D+I AO MERCADO E A SOCIEDADE

- Asinarase un convenio enmarcado no programa IGNICIA para apoiar proxectos de investigación dos centros de coñecemento de Galicia e completar a súa transferencia o mercado mediante a creación de spin-offs ou licencias
- Desenvólvense tamén actuacións de promoción dos resultados de investigación, formación acreditada internacional e definición de novos modelos para a comercialización
- A Consellería de Ciencia destina 1M€ ao desenvolvemento destas actividades no marco deste acordo no período 2025-26

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) acordan colaborar e aproveitar a experiencia e coñecemento especializado desta entidade para fomentar a transferencia de resultados de I+D+i ao mercado e a sociedade, a través das actuacións do Programa IGNICIA da Xunta de Galicia.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio a través do cal a Consellería de Ciencia financia con preto de 1M€ distintas accións a desenvolver en colaboración con FEUGA entre 2025 e 2026. A finalidade é favorecer que os esforzos e os resultados de investigación se trasladen ás empresas galegas e á sociedade co maior aproveitamento posible, de xeito que xeren valor no tecido produtivo.

Algúns dos eixos de actuación son o deseño e realización de programas de formación acreditada internacional do persoal de xestión de transferencia dos axentes de coñecemento, a posta en valor da importancia desde colectivo de profesionais para a transferencia efectiva e a creación dunha rede de contacto entre eles. Galicia é pioneira nestas actuacións na que leva acreditados máis de 20 xestores dos 200 formados.

Desenvolveranse tamén diferentes actuacións para a difusión e divulgación, así como para facilitar coñecementos básicos de transferencia aos investigadores e facilitarlles o proceso de chegada ao mercado dos seus resultados.

Ao abeiro deste acordo, FEUGA desenvolverá accións específicas no eido da monitorización de datos e indicadores da transferencia en Galicia que permitirán avaliar os resultados e dispoñer de información para a toma de decisións sobre as estratexias a seguir en cada campo. Tamén se realizará o deseño e fomento de novos espazos de encontro entre as empresas e os centros de coñecemento para unir oferta e demanda de ambos axentes.

Así mesmo, a través do programa Ignicia Proba Concepto (orientado ao fomento da transferencia de coñecemento mediante a licencia de resultados e creación de spin-offs), dáse apoio e asesoramento a actividades de valorización tecnolóxica e de negocio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que son necesarias para o traslado ao mercado, e que requiren de probas técnicas específicas. En total, nas catro convocatorias anteriores do programa apoiáronse 32 proxectos, dos cales 17 se atopan en fase de desenvolvemento comercial e levan captado case 20M€ cun investimento público de máis de 14M€.

Outra liña de colaboración é a promoción dos resultados de investigación mediante a organización, coordinación e participación dos axentes de coñecemento de Galicia en encontros de transferencia de ámbito nacional e internacional. Cómpre lembrar que Galicia conta cunha área de innovación completa que cobre a cadea de valor desde o laboratorio ata o mercado, sólida e coordinada, polo que parte cunha vantaxe competitiva de cara á atracción de empresas e talento para a I+D+i que cómpre promover.

Novos modelos de comercialización

Por outra parte, tendo en conta que o tecido do sistema de I+D está composto por diversas estruturas de pequena dimensión centradas nos diferentes focos científicos e tecnolóxicos, exploraranse fórmulas de colaboración entre elas que permitan poñer en valor a investigación realizada e a súa comercialización dunha maneira máis efectiva, para o cal FEUGA prestará seu apoio experto na definición deses novos modelos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NO PLAN DE DESENVOLVEMENTO DE DEREITOS MINEIROS DE GALICIA SACANDO A CONCURSO 51 PERMISOS CADUCADOS

- A Consellería de Economía e Industria inicia o procedemento que permitirá fomentar a investigación sustentable destes recursos para o seu posterior aproveitamento e reducir a dependencia de materias primas fundamentais
- Por provincias, A Coruña licitará 7 dereitos mineiros; Lugo e Pontevedra 17 cadanseu, mentres que no caso de Ourense serán 10 os dereitos a concurso
- O sector mineiro é un sector estratéxico para Galicia: supón o 1,2% do PIB galego e representa o 8,2% da produción mineira de España. Galicia, ademais, é líder na produción de rocha ornamental a nivel nacional, como tamén na de granito e cuarzo

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á segunda fase do primeiro Plan de desenvolvemento dos dereitos mineiros de Galicia impulsado polo Goberno galego a través da Consellería de Economía e Industria o pasado mes de xuño. Deste xeito, a Administración galega dá un paso máis no obxectivo de impulsar a investigación de materiais minerais fundamentais para sectores estratéxicos da economía de cara ao seu futuro aproveitamento sacando a concurso 51 dereitos mineiros caducados. Unha medida que permitirá tamén reforzar a autonomía da Unión Europea e garantir unha subministración de minerais fundamentais no proceso de transición ecolóxica e dixital actual.

Así as cousas, nas vindeiras semanas a Administración galega publicará a convocatoria dos dereitos mineiros caducados en cada unha das provincias galegas de tal maneira que na Coruña se licitarán 7 permisos, en Ourense serán 10 e nas provincias de Lugo e Pontevedra serán 17 dereitos mineiros en cada unha. Cómpre lembrar que os devanditos dereitos mineiros no seu día foron outorgados principalmente para os seguintes recursos: na Coruña para a extracción de caolín, arxila; en Lugo caolín, feldeespato, cuarzo, lousa, baritina, ferro, mica; na provincia de Ourense, arxila, lousa, granito ornamental, e na de Pontevedra caolín, arxila e cuarzo.

Unha vez publicados os ditos concursos, aquelas empresas interesadas poderán solicitar nun primeiro momento permisos de investigación que lles permitan determinar o potencial do subsolo e, posteriormente, e de ser o caso, solicitar a concesión de explotación para poñer en marcha, se cumpren con todos os requisitos técnicos e ambientais esixidos, proxectos mineiros que empreguen métodos de extracción e produción respectuosos co medio ambiente.

Nesta liña, e dando cumprimento á Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, os criterios de calidade social e ética, así como de impacto socioeconómico dos proxectos na zona de implantación da explotación, representarán, cando menos, o 40 % dos criterios de selección na baremación das solicitudes de dereitos mineiros nos concursos públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este novo paso, a Consellería de Economía e Industria atende unha das principais reivindicacións do sector mineiro galego ao tempo que Galicia se alíña coa normativa comunitaria que busca reducir a dependencia do exterior das materias primas fundamentais, a simplificación administrativa e o fomento da innovación ao longo de toda a cadea de valor.

O potencial de Galicia

Neste escenario, e seguindo a folia de ruta da Axenda de impulso da minería sostible de Galicia 2030, o Goberno galego aspira a converter o sector da minería nun aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industrial, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital actual se abastece de maneira sustentable con recursos minerais autóctonos.

A Comunidade galega posúe un enorme potencial na extracción de minerais considerados estratéxicos pola súa importancia en sectores fundamentais da economía. Produtos de uso cotiá como o móbil, o vidro, o automóbil eléctrico ou os escáneres de uso médico están elaborados con estes materiais cuxo subministro se agarda creza de maneira exponencial pero que presentan un risco importante de desabastecemento. Cómpre lembrar que Galicia conta con recursos naturais minerais de enorme valor como o cobre, o magnesio, o silicio metálico, o antimonio, o titanio, o wolframio, o platino, o litio, as terras raras, o cobalto, o tántalo e o niobio. Destes tres últimos minerais, a Comunidade galega é a única rexión europea na que se ten detectado a súa presenza ata a data. Así mesmo, o barito e o grafito son outros minerais que se teñen identificado na comunidade.

O sector mineiro é un sector estratéxico para Galicia: supón o 1,2% do PIB galego e representa o 8,2% da produción mineira de España. Galicia, ademais, é líder na produción de rocha ornamental a nivel nacional, como tamén na de granito e cuarzo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 14 M€ PARA IMPULSAR A INNOVACIÓN EMPRESARIAL MEDIANTE A INTELIXENCIA ARTIFICIAL E O DESEÑO DE PRODUTOS E SERVIZOS

- Actívase a primeira convocatoria da novidosa liña IA 360, que suma 10 M€ para que pemes e grandes empresas fomenten o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación a través da intelixencia artificial
- Estas axudas, encadradas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, poderán chegar ata 1 M€ en proxectos de tecnoloxía IA, 200.000 € na aplicación de solucións comerciais IA, e 60.000 no caso de formación
- De forma complementaria, actívase o programa Igape Innova, que destina 4 M€ a proxectos para impulsar a innovación en procesos e na organización das empresas, así como apoiar o deseño de novos produtos ou servizos
- As axudas, que poderán chegar ata 125.000 € para pemes e ata 100.000 € no caso de grandes empresas, permitirán promover a mellora de procesos e á creación de produtos e servizos tecnolóxicamente avanzados e de maior valor engadido

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o lanzamento de dúas novas liñas de axuda encamiñadas a promover e incrementar o potencial de innovación das empresas galegas. Con estas iniciativas, o Goberno galego reafirma o seu compromiso co tecido produtivo e a aposta por un modelo económico sustentado na tecnoloxía, o deseño e o valor engadido. En total, destínanse máis de 14 millóns de euros ao fomento e promoción da innovación empresarial para impulsar o crecemento e a competitividade empresarial.

Neste marco, a Xunta activa a novidosa liña IA 360 que, dotada con 10,3 millóns de euros, configúrase como a primeira convocatoria en Galicia deseñada especificamente para fomentar o uso da intelixencia artificial (IA) no ámbito empresarial. Este programa, en réxime de concorrència non competitiva, ofrece apoio económico para tres tipoloxías de proxectos.

O primeiro deles, destinado ao desenvolvemento tecnolóxico con IA, permitirá as empresas recibir subvencións de ata 1 millón de euros por proxecto para a creación de produtos ou procesos tecnolóxicos avanzados. Ademais, a liña IA 360 ofrece axudas de ata 200.000 euros para proxectos de implantación de solucións comerciais baseadas en IA, que permitan mellorar a produtividade e competitividade empresarial. Por último, prevé o apoio á formación en IA, con subvencións que poderán alcanzar os 60.000 euros, co obxectivo de mellorar as capacidades técnicas e operativas do persoal das empresas.

Os beneficiarios destas axudas serán pemes e grandes empresas galegas ou cun centro de traballo na nosa comunidade. O programa busca dar entrada á intelixencia artificial nas empresas, co obxectivo de xerar novos produtos e servizos no mercado a través da utilización dos datos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E no que respecta aos prazos, as solicitudes para proxectos de desenvolvemento tecnolóxico poderán presentarse ata o 30 de abril de 2025, mentres que os proxectos de solucións comerciais e formación teñen como data límite o 31 de outubro de 2025.

A liña IA 360 enmárcase no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Igape Innova: innovación en procesos e deseño de produtos

De forma complementaria, a Xunta activa o programa Igape Innova, dotado con 4 millóns de euros, para fomentar proxectos de innovación en procesos, organización empresarial e deseño. Estas axudas están destinadas tanto a pemes como a grandes empresas, que poderán optar a apoios de ata 125.000 euros e 100.000 euros, respectivamente.

O programa estrutúrase en dúas áreas principais. A primeira está enfocada á innovación en procesos e organización, incentivando proxectos que introduzan melloras substanciais en métodos de produción, distribución ou xestión empresarial. A segunda, céntrase no deseño de novos produtos e servizos, promovendo a creación de solucións innovadoras que incrementen o valor engadido e a competitividade das empresas galegas. O prazo de solicitudes será dun mes despois da publicación da convocatoria no DOG, prevista para mañá martes.

Estas dúas liñas de axuda forman parte dunha estratexia integral da Xunta para consolidar Galicia como referente en innovación empresarial e que se completa con outras accións como a rede de business factories, aceleradoras de empresas que abarcan sectores estratéxicos como a automoción, o aeroespacial ou o alimentario, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUALIZA OS SISTEMAS DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL DE CARA A UNHA TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA INTEGRAL MÁIS EFICAZ, PERSONALIZADA E ACCESIBLE

- O novo modelo facilita o traballo do persoal empregado público e ofrece un mellor servizo á cidadanía
- O valor estimado do contrato supera os 4,5 millóns de euros coa prórroga e posibilidades de modificación previstas
- A modernización destes sistemas enmárcase no III Plan de Administración e Goberno Dixital da Xunta
- Estes servizos dixitais estarán aliñados co novo modelo que concentra nun espazo todos os trámites da cidadanía (Citizen Data Hub) e están abertos á incorporación de tecnoloxías emerxentes para mellorar as súas capacidades

O Consello da Xunta aprobou hoxe autorizar a contratación do servizo de evolución de ferramentas transversais para a tramitación electrónica integral. O contrato permitirá actualizar o sistema de notificacións electrónicas (Notifica.gal), a plataforma de sinatura electrónica, o arquivo electrónico administrativo (ARPAD) e a plataforma corporativa de tramitacións (Wanda).

A Xunta de Galicia avanza así cara a unha administración dixital máis eficaz, máis personalizada e máis accesible e doada de usar cun novo modelo baseado no dato que facilita o traballo do persoal empregado público e ofrece un mellor servizo á cidadanía.

Os novos sistemas estarán adaptados á evolución prevista coa introdución de tecnoloxías emerxentes no marco do III Plan de Administración e Goberno Dixital. Estas novas ferramentas estarán integradas co modelo de nodo de información cidadá Citizen Data Hub, que concentrará nun único espazo todas as tramitacións da cidadanía, e atenderán aos criterios máis evolucionados de seguridade e protección de datos.

O obxectivo deste contrato é o de adaptar o funcionamento dos servizos de Administración dixital que xa están á disposición da cidadanía, como o sistema de notificacións, a sinatura electrónica ou as tramitacións administrativas, para mellorar a súa eficacia co uso de tecnoloxías que simplifican os procedementos e os personalizan ao integrar e unificar os datos e procesalos con sistemas intelixentes.

O contrato prevé un investimento de 2,3 millóns de euros ata 2027, que pode ampliarse ata algo máis de 4,5 millóns coa prórroga e as modificacións previstas.

Os novos sistemas serán escalables e están adaptados ao uso de tecnoloxías como as automatizacións. Tamén disporán de capacidades de interoperabilidade co resto dos sistemas electrónicos administrativos e de relación coa cidadanía.

Un dos obxectivos principais desta evolución é mellorar a experiencia das persoas usuarias. Para facelo, avanzaase no deseño dun escritorio de tramitación completo e revisaranse os termos e conceptos de xeito global para garantir a coherencia e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

facilidade de uso por parte dos empregados públicos. Iso conséguese ao centrar o sistema nos elementos semánticos de tramitación. Os sistemas semánticos son os que reproducen os esquemas mentais das persoas para desenvolver un uso máis doado e intuitivo.

Os sistemas estarán interconectados e as persoas usuarias disporán de mecanismos de recomendación e axuda para integrar información e documentos de diferentes fontes. Deste xeito, facilitarase aos empregados públicos o acceso á información necesaria para a tramitación con independencia dos sistemas nos que se aloxe.

Ademais desta iniciativa, a Xunta de Galicia ten en marcha outras actuacións para a modernización da administración dixital como a nova aplicación para móbiles XuntaEU, o redeseño da sede electrónica para a súa simplificación e mellora de usabilidade, a plataforma de automatización de procesos ou o Plan de posto dixital avanzado para persoal empregado público.

O Rexistro electrónico da Administración autonómica recibiu o pasado ano preto de 1,5 millóns de presentacións de solicitudes, escritos ou comunicacións, de cerca de medio millón de persoas. En 2023, incorporáronse na Administración máis de 27 millóns de documentos electrónicos e creáronse máis de 641.000 expedientes de 530 procedementos distintos.

Así mesmo, a Xunta puxo a disposición das persoas interesadas máis de 1,7 millóns de notificacións, das que cerca de 1,2 millóns foron exclusivamente electrónicas. As persoas que recibiron estas notificacións foron máis de 580.000.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRÚIR EN SANTIAGO UN EDIFICIO DE ALOXAMENTOS COMPARTIDOS E TEMPORAIS PARA MENORES DE 36 ANOS

- Trátase do primeiro destes inmobles que se construírá en Galicia no marco das políticas de vivenda da Xunta para ofrecer unha solución habitacional ás necesidades transitorias de residencia da mocidade
- Prevese construír un inmoible na avenida Xoán XXIII, a carón da biblioteca Ánxel Casal, no que os mozos poderán permanecer ata tres anos en réxime de alugueiro accesible
- A previsión é que o edificio conte con aproximadamente 60 vivendas de 1 ou 2 dormitorios, ademais de espazos comúns destinados ao traballo e lecer, zona de lavandería e cuartos de limpeza
- A Xunta licitará nas vindeiras semanas a redacción do proxecto e da dirección de obra deste inmoible por un orzamento de 322.132 €
- No marco das políticas para favorecer o acceso á vivenda, a Xunta vai destinar aos menores de 36 anos o 40 % das novas vivendas públicas que está a promover en alugamento e o 25 % para compra

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por un orzamento de 322.132 €, da redacción do proxecto e da dirección de obra para a construción en Santiago do primeiro edificio de aloxamentos compartidos e temporais en alugueiro accesible, destinado á mozos e mozas menores de 36 anos.

O inmoible situarase na avenida Xoán XXIII de Santiago e a previsión é que albergue en torno a 60 vivendas, aínda que o número exacto virá definido unha vez redactado o proxecto. Con esta medida, o Goberno galego busca ofrecer unha solución habitacional ás necesidades transitorias de residencia da mocidade, para axudala no seu proceso de emancipación. Os aloxamentos serán temporais, cun prazo de permanencia de ata tres anos.

A figura destes aloxamentos protexidos foi creada a través da lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, de acompañamento aos orzamentos deste 2025, e supoñen unha alternativa residencial ao uso de vivenda, pretendendo resolver, de forma transitoria, as necesidades de aloxamento das persoas mozas.

Este inmoible en Santiago será a primeira promoción destas características e a edificación, unha vez rematada, incrementará o parque público de edificios destinados a satisfacer as necesidades residenciais da poboación, complementando a oferta de vivendas de promoción pública en Galicia en xeral, e en Santiago de Compostela en particular.

En concreto, cada aloxamento constará dunha zona para estar, comer e cociñar (que poderán estar integradas ou separadas en pezas independentes), un cuarto de baño e un ou dous dormitorios. As superficies útiles dos aloxamentos roldarán os 33 m² no caso de aloxamentos dun dormitorio, e 44 m² no caso de aloxamentos de dous dormitorios

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na edificación, ademais dos aloxamentos propiamente ditos, incluíranse espazos para servizos e usos comúns dos residentes, cuxa superficie suporá un 20 % da superficie construída por encima da cota da rúa. Así, o inmovible contará cunha sala onde os residentes poderán traballar de forma individual ou colaborativa, que permitirá tamén o teletraballo; tamén cunha zona de usos múltiples para reunións, estancia ou para a realización de actividades diversas como ximnasio, celebración de eventos, e outras zonas de lavandería e tendido de roupa, así como cuartos de limpeza.

O programa completase cun garaxe para aparcamento de automóviles, unha zona de aparcamento de bicicletas e un rocho por aloxamento.

A superficie estimada construída sobre rasante será de 4.000 m² dos que uns 3,300 m² se destinarán a aloxamentos e 700 m² a locais de uso compartido.

Hai que lembrar que a Xunta de Galicia xa vai destinar aos menores de 36 anos o 40 % das novas vivendas públicas que está a promover en alugamento e o 25 % para a compra. Neste marco das políticas para favorecer o acceso da mocidade á vivenda, a edificación en Xoán XXIII busca dar facilidades ás necesidades de emancipación de mozos que acceden ao seu primeiro traballo ou están a percibir becas de formación ou de investigación, a fin de que poidan dispoñer duna alternativa residencial adaptada as súas necesidades e forma de vida e que facilite que, unha vez superada esa primeira fase de incorporación ao mercado laboral, poidan acceder a unha vivenda, xa sexa libre ou protexida e permitan o relevo na ocupación do aloxamento que deixan.

Isto permite beneficiar a moitos máis mozos, estimular a emancipación e darlle un carácter mais dotacional á edificación que se vaia a realizar. A intención é replicar esta actuación noutras cidades de Galicia.

Cómpre lembrar que esta modalidade de aloxamentos compartidos xa está implantada en moitos países europeos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA DECLARAR COMO ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL MEICENDE-O PETÓN, A PRIMEIRA ARI NO CONCELLO DE ARTEIXO

- Esta nova ARI ocupa unha superficie de 63.091 m² que abrangue o solo urbano de uso residencial, incorporando os asentamentos orixinais de Sobrado, Meicende e Torroal, mesmo a primeira expansión que deu lugar ao barrio de O Petón
- O ámbito da área de rehabilitación inclúe 154 edificios que suman un total de 343 vivendas, das que 96 son unifamiliares de tipo tradicional anteriores aos anos 50 do pasado século, e 58 plurifamiliares construídas entre os anos 60, 70 e 80
- Galicia conta con 77 áreas de rehabilitación declaradas nun total de 45 concellos, ademais do de Arteixo, e tres ARI supramunicipais -xestionadas directamente polo IGVS-: ARI dos Camiños de Santiago, ARI das Illas Atlánticas e ARI da Ribeira Sacra

O Consello da Xunta acordou hoxe a declaración como Área de Rehabilitación Integral (ARI) Meicende-O Petón no Concello de Arteixo, a primeira que se declara neste municipio da provincia da Coruña.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas informou hoxe da declaración desta nova ARI, que ten como obxectivo facilitar a rehabilitación de vivendas e obras de urbanización e reurbanización, repercutindo sobre as condicións de vida dos veciños, mellorándoas

Trátase dun ámbito que ocupa unha superficie de 63.091 m² que abrangue o solo clasificado polo planeamento municipal como solo urbano consolidado coa cualificación de uso global residencial, incorporando os asentamentos orixinais de Sobrado, Meicende e Torroal, mesmo a primeira expansión que deu lugar ao barrio de O Petón.

Incorpórase ademais a ARI os espazos públicos que dan soporte á edificación e, en particular, o viario antigo que serve de nexo de unión ou fío condutor dos asentamentos de orixe tradicional mediante un percorrido que é susceptible de intervención.

As propostas de reurbanización abranguen a totalidade do viario incluído na ARI, así como as zonas verdes do Petón e da UA-33 (na rúa María Zambrano).

No ámbito da área de rehabilitación, no que residen un total de 4.264 veciños, inclúense 154 edificios, sendo o número total de vivendas 343, das que 96 son unifamiliares de tipo tradicional anteriores aos anos 50 do pasado século, e 58 plurifamiliares construídas entre os anos 60, 70 e 80.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A xestión da ARI é competencia do Concello. Tras a declaración hoxe desta-ARI en Arteixo, en Galicia existen 77 áreas de rehabilitación declaradas en 45 concellos, ademais desta; ás que se suman as tres ARI supramunicipais -xestionadas directamente polo IGVS- como son a ARI dos Camiños de Santiago, a ARI das Illas Atlánticas e a ARI da Ribeira Sacra.

O Goberno galego o Goberno coa declaración destas ARI dá cumprimento ao seu obxectivo de facilitar oportunidades aos cidadáns para mellorar a calidade das súas vivendas, a través da posta á disposición dos concellos fondos para a execución de actuacións de urbanización e reurbanización no ámbito das ARI e, grazas ao compromiso de todos, avánzase na recuperación e conservación do patrimonio edificatorio dos concellos de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA AC-421 NA AGUALADA, EN CORISTANCO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 764.000 € E INCLÚE UNHA SENDA PEONIL

- Tamén se aprobou o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas
- A Xunta prevé realizar no 1º semestre do ano a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras ao longo do exercicio
- Trátase da humanización do treito inicial desta vía, que inclúe a execución dunha senda peonil, a mellora de beiravías, do firme e da drenaxe
- Comunicaranse co núcleo de Agualada as vivendas dispersas situadas ao longo de estrada ata o punto quilométrico 0+750 mediante unha senda pola marxe dereita
- No tramo entre os puntos quilométricos 0+712 e 0+727, coincidindo co cruzamento sobre o río Calvar, acometerase unha pasarela de madeira de 15 metros
- Tamén se levará a cabo a rehabilitación do firme entre os puntos quilómetros 0 e 0+980, no enlace coa autoestrada A Coruña-Carballo (AG-55)

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao proxecto para o acondicionamento da estrada AC-421 na Agualada, no concello de Coristanco, que suporá un investimento de case 764.000 €.

Tamén se aprobou o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé realizar no primeiro semestre do ano a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras ao longo do exercicio.

Trátase da humanización do treito inicial desta vía autonómica ao seu paso polo municipio coruñés, na que se inclúe a execución dunha senda peonil, a mellora de beiravías, do firme e da drenaxe.

As actuacións, cun prazo de 6 meses, consistirán na reorganización de espazos e a mellora dos pavimentos no tramo de travesía da AC-421 comprendido entre o punto quilométrico 0 e o 0+135, ampliando beirarrúas coa diminución do ancho de calzada e redistribuíndo as zonas de aparcamento, dando maior protagonismo ao peón.

Comunicaranse co núcleo de Agualada as vivendas dispersas situadas ao longo de estrada ata o punto quilométrico 0+750 mediante unha senda pola marxe dereita. Na actualidade, este tramo carece de beiravía ou beirarrúa, polo que con esta actuación perséguese o fomento da mobilidade sostible en condicións seguras.

Doutra banda, para mellorar a drenaxe da vía darase continuidade á cuneta formigonada existente no quilómetro 0+980 pola marxe esquerda ata as casas situadas no punto 0+750.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, entre os puntos quilométricos 0+712 e 0+727, coincidindo co cruzamento sobre o río Calvar, acometerase unha pasarela de madeira de 15 metros de longo apoiada en estribos cargadeiro de formigón.

Tamén se levará a cabo a rehabilitación do firme entre os puntos quilómetros 0 e 0+980, no enlace coa autoestrada A Coruña-Carballo (AG-55), incluíndo a execución dunha cuneta de seguridade pola marxe esquerda entre os puntos quilométricos 0+750 e 0+980.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NUN NOVO DECRETO PARA REGULAR AS ENTIDADES DE CERTIFICACIÓN DE CONFORMIDADE MUNICIPAL QUE PERMITIRÁ AXILIZAR TRÁMITES PARA CONSTRUIR VIVENDA

- O Consello da Xunta autoriza hoxe o inicio da tramitación deste novo decreto para regular as ECCOM co obxectivo de axilizar a construción de vivenda, unha das prioridades do Goberno galego nesta lexislatura
- O decreto busca regular de forma integral o réxime xurídico de todas as ECCOM, tanto as previstas na normativa en materia de industria como no eido urbanístico, e crear o seu rexistro, co obxectivo de dar seguridade xurídica á actuación destas entidades e facilitar a súa accesibilidade pola cidadanía e administracións públicas
- A normativa modifica o actual réxime de actuación das ECCOM, de xeito que no caso de que interveñan estas entidades, o seu certificado teña a mesma validez e efectos que os informes tanto técnicos como municipais, que se entenderían substituídos por dita certificación
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, no marco das súas competencias en urbanismo, asumirá as funcións relativas á autorización e rexistro de todas as ECCOM
- Esta regulación é fundamental para dar seguridade xurídica, tanto aos particulares que soliciten os servizos das ECCOM, como aos concellos
- Tras a autorización do inicio da tramitación do decreto hoxe polo Consello da Xunta, o seguinte paso será sometelo a consulta pública previa

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da tramitación dun novo decreto polo que se regulan as Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM) e se crea o seu rexistro.

Este novo decreto ten por finalidade regular de forma integral e pormenorizada o réxime xurídico de todas as ECCOM, tanto as previstas na normativa en materia de industria como no eido urbanístico, e crear o seu rexistro único para dar seguridade xurídica á actuación destas entidades e facilitar a súa accesibilidade pola cidadanía e administracións públicas.

O Goberno galego destaca que desde a regulación por vez primeira na comunidade das ECCOM coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a experiencia acumulada durante estes anos demostrou que a intervención destas entidades permitiu simplificar os procedementos administrativos e dotou á Administración de mecanismos de resposta máis inmediata e flexible, adaptables, en cada momento, ás necesidades de verificación, inspección e control.

Agora, a posta en marcha do novo decreto para regularlas é consecuencia das modificacións incluídas na lei de medidas fiscais e administrativas, de acompañamento dos orzamentos do 2025 co obxectivo de desburocratizar trámites administrativos para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

axilizar a construción de vivenda, unha das prioridades do Goberno galego nesta lexislatura.

Trámites de licenzas que poden prolongarse no tempo, coa ferramenta das ECCOM poden resolverse nun prazo aproximado dun mes, polo que o tempo que se aforrará coa nova regulación vai ser considerable. En todo caso, cada solicitude estará condicionada polos informes sectoriais necesarios e o tempo de emisión dos mesmos por cada departamento competente, xa que o certificado de conformidade deberá de presentarse coa documentación completa, incluídos estes informes.

A normativa establece que nas solicitudes de licencia urbanística acompañadas dun certificado ECCOM, dicho certificado terá a mesma validez e efectos que os informes técnicos e xurídicos municipais, que se entenderán substituídos polas ditas certificacións. A nova regulación será de aplicación xeral, agás que os concellos, mediante ordenanza, exclúan a intervención das ECCOM.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, no marco das súas competencias en urbanismo, asumirá as funcións relativas á autorización e rexistro de todas as ECCOM, incluídas as previstas na normativa de industria.

A Xunta busca coa nova regulación outorgar seguridade xurídica tanto aos particulares como aos concellos nos supostos en que se actúe a través dunha ECCOM. Así mesmo, o obxectivo é tamén facilitar o coñecemento pola cidadanía das ECCOM autorizadas para exercer a súa actividade na nosa comunidade autónoma mediante a creación do novo rexistro, que será xestionado pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, competente en materia de urbanismo.

Requisitos e funcións

O novo decreto regulará, entre outros, os requisitos que deben cumprir as ECCOM para exercer a súa actividade na nosa comunidade autónoma, así como as súas funcións, a documentación que deben emitir como resultado das súas actuacións e o réxime de responsabilidade das mesmas.

Crearase tamén do rexistro destas entidades e regularase detalladamente os actos inscribibles, o procedemento de inscrición e os efectos e vixencia da inscrición. Igualmente, estableceranse no decreto as obrigas das ECCOM e regularase o seu réxime de control, establecendo as prohibicións e incompatibilidades ás que están sometidas, así como o seu réxime sancionador.

Tras a autorización do inicio da tramitación do decreto hoxe polo Consello da Xunta, o seguinte paso será sometelo a consulta pública previa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AFIANZA A SÚA INVERSIÓN NO AUDIOVISUAL GALEGO CON 3 M€ PARA A NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á PRODUCCIÓN DE PELÍCULAS E SERIES

- O importe achegado pola Administración autonómica medra un 20 % para facer fronte aos fondos que antes procedían do Goberno central
- As bases aprobadas no Consello prevén maiores importes a cada tipo de proxecto e introdúcense criterios para reducir a discrecionalidade nas concesións
- Mantéñense condicións para impulsar o uso do galego, a participación de mulleres en todos os ámbitos e o emprego de recursos e servizos de empresas do país
- Establécense cinco categorías de obras, segundo sexan longas de ficción e/ou animación, de tipo documental, longas en coprodución internacional con participación minoritaria española, curtas e series para televisión ou plataformas

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases e a próxima publicación, en réxime de concorrência competitiva e con carácter plurianual, da nova convocatoria de subvencións para a produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos durante 2025, para as que destina unha dotación de 3.000.000 euros e afianza deste xeito con fondos propios a mesma contía final para esta liña de axudas que nos dous anteriores.

En 2023 e 2024, esta convocatoria, que é a principal canle de apoio directo ao sector, partiu inicialmente cunha dotación de 2,5 M€ e completouse despois con 500.000 euros adicionais procedentes do Goberno central polo reparto de créditos ás Comunidades autónomas como un dos eixos da Axenda Dixital España 2030. Agora, o executivo galego asume directamente esta cantidade adicional, o que supón un incremento do 20 % no seu investimento.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude reafirma o seu compromiso con este sector relevante e estratéxico dentro do ámbito das industrias culturais, co obxectivo de fomentar a súa competitividade, fornecer un tecido empresarial capitalizado e innovador e acadar produtos de calidade con proxección interior e exterior. Estas axudas, xestionadas a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, forman parte do programa integral e continuado de apoio polo que se dota de financiamento ás empresas en todo o proceso audiovisual: promoción do talento na creación, preprodución, produción, difusión e comercialización.

Incrementos para cada tipo de proxecto

O aumento da dotación en convocatoria única permite tamén un incremento xeral dos importes máximos para cada proxecto. Así, por exemplo, nas longametraxes pásase correlativamente de 260.000 ou 280.000 euros (segundo sexan ou non en lingua galega) a 300.000 ou 320.000 euros; nas series para televisión ou plataformas, de 240.000 ou 260.000 euros pásase a 260.000 ou 280.000; e no caso das curtas en galega supéranse os 15.000 euros consignados ata agora para chegar aos 20.000 euros.

Na nova convocatoria establécese, ademais, unha dotación de fondos exclusiva para cada tipo de proxecto, coa finalidade de diminuír a discrecionalidade nas adxudicacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As bases aprobadas hoxe, que se dirixen especificamente a produtoras audiovisuais independentes, reformulan tamén a tipoloxía de proxectos subvencionables, que quedan distribuídos en cinco categorías, segundo sexan longametraxes cinematográficas de ficción e/ou animación, de tipo documental, longas en coprodución internacional con participación minoritaria española, curtametraxes, ou series para seren emitidas por televisión ou plataformas baixo demanda.

Mantéñense condicións para impulsar o uso do galego, a participación de mulleres en todos os ámbitos e o emprego de profesionais, recursos e servizos de empresas galegas. Os criterios de selección dos proxectos subvencionados continúan a estar moi relacionados co territorio en canto ás localizacións de rodaxe, os estudos ou os profesionais creativos, técnicos e artísticos implicados, pero tendo en conta ao mesmo tempo a calidade dos contidos e o seu potencial de circulación a nivel estatal e internacional.

Apoio continuado ao sector

Con esta dinámica, o Goberno galego buscar seguir sendo un axente determinante no financiamento do noso audiovisual para continuar co magnífico momento creativo e empresarial que está a vivir o sector. Ao tempo, dálle continuidade ao apoio extraordinario disposto no período 2021-2023 polo Hub da Xunta para reducir os efectos da pandemia e polas liñas específicas de axudas postas en marcha en 2023 e 2024.

Durante o actual 2025, tramitaranse oito liñas específicas dirixidas ao sector audiovisual, con especial relevancia da vindeira convocatoria destinada á atracción de rodaxes cunha dotación de 2 M€. Tres destas liñas xa están publicadas e en prazo de admisión ou resolución (festivais, videoxogos e laboratorios de creación ou residencias).

Os resultados obtidos a partir das convocatorias ao audiovisual galego de anos anteriores confirman o efecto dinamizador destas axudas noutros sectores económicos mediante o apoio a proxectos cada vez máis competitivos, moitos deles con importantes recoñecementos nacionais e internacionais. A través das axudas á produción e coprodución entre 2021 e 2024, foron 88 os títulos de produtoras galegas que resultaron beneficiarios dun total de 13,5 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MEDIO RURAL DESTINA 45,9 M€ ÁS AXUDAS PARA PLANS DE MELLORA, INCORPORACIÓN DE MOZOS, NOVOS AGRICULTORES E PEQUENAS EXPLOTACIÓNS NA CONVOCATORIA DE 2024

- O Consello da Xunta tomou hoxe razón dun informe desta Consellería sobre unha liña de achegas que beneficia 320 mozos (menores de 40 anos), 133 novos agricultores (de 41 a 55 anos de idade) e 370 explotacións
- Esta medida procura fomentar a remuda xeracional no agro, así como promover a mellora e modernización das explotacións, e intégrase no Plan estratéxico da PAC (Pepac) 2023-2027
- No conxunto do período 2016-2024 aprobáronse un total de 9.031 expedientes de axuda, por un importe global de máis de 369 millóns de euros
- En termos xerais, Lugo vén sendo a provincia máis beneficiada por estas achegas e, por sectores, a maior parte dos fondos e dos expedientes aprobados corresponden ao vacún de leite e de carne, seguidos dos doutras orientacións gandeiras e, en menor medida, de producións vexetais

A Consellería do Medio Rural publicará nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a resolución da convocatoria correspondente ao 2024 das axudas para plans de mellora, incorporación de mozos, novos agricultores e pequenas explotacións agrarias. Esta convocatoria supón un gasto público total de 45,9 millóns de euros e beneficia 320 mozos (menores de 40 anos), 133 novos agricultores (de 41 a 55 anos de idade) e 370 explotacións, tal como indica o informe do que tomou razón hoxe o Consello da Xunta.

Esta medida procura fomentar a remuda xeracional no agro, así como promover a mellora e modernización das explotacións. Intégrase no Plan estratéxico da PAC (Pepac) 2023-2027, que ten novidades con respecto ás convocatorias anteriores, que foron financiadas con cargo ao Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Así, destacan, como novidade, as achegas para fomentar a incorporación de novos agricultores de 41 a 55 anos, unha liña que non existía anteriormente. Ademais, as subvencións para plans de mellora divídense entre as destinadas a investimentos produtivos en explotacións agrarias vinculadas a contribuír á mitigación-adaptación ao cambio climático, uso eficiente dos recursos naturais e benestar animal, por un lado, e aquelas orientadas a financiar investimentos en modernización ou mellora das explotacións, por outro.

No conxunto do período 2016-2024 aprobáronse un total de 9.031 expedientes de axuda, por un importe global de máis de 369 millóns de euros. En termos xerais, Lugo vén sendo a provincia máis beneficiada por estas achegas e, por sectores, a maior parte dos fondos e dos expedientes aprobados corresponden ao vacún de leite e de carne, seguidos dos doutras orientacións gandeiras e, en menor medida, de producións vexetais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De media, no período 2016-2023, a aprobación por convocatoria foi de 46,22 millóns de euros, polo que a convocatoria de 2024, que vai por conta do PEPAC 2023-2027, está neste rango de investimento medio anual.

Carácter plurianual e réxime de concorrência competitiva

O carácter destas axudas segue sendo plurianual e dentro do réxime de concorrência competitiva. Están dirixidas a titulares de explotacións agrarias (plans de mellora) e a persoas físicas que se vaian incorporar á actividade agraria (mozos e non mozos), que poden financiar todo tipo de investimentos, como a construción e a reforma de inmobles, a compra de maquinaria nova etc.

Os principais beneficiarios destas axudas son, lóxicamente, os titulares das explotacións, tanto os de nova incorporación como os que xa as veñen xestionando, pero o seu alcance é maior, xa que benefician en xeral a todo o sector. Así, o fomento da remuda xeracional é fundamental para garantir a sustentabilidade social, económica e ambiental da actividade agrogandeira no seu conxunto e a mellora das explotacións incide tamén, de xeito positivo, na súa rendibilidade e competitividade. Polo tanto, os beneficios acadan o conxunto da sociedade, na medida en que o sector agrario é clave para a subministración de alimentos sans e seguros á poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA 9 M€ EN AXUDAS DESTINADAS A PROXECTOS COLECTIVOS DE MODERNIZACIÓN DOS EQUIPAMENTOS PORTUARIOS

- Deste xeito o Goberno galego dá continuidade a esta liña de apoios autonómicos, a terceira cofinanciada co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (Fempa) cunha nova convocatoria que será publicada no DOG ao longo deste mes de xaneiro
- Na última convocatoria financiáronse 47 proxectos, na súa maioría destinados a mellorar as condicións de traballo dos profesionais e avanzar na rastrexabilidade e calidade dos produtos da pesca, que supuxeron un investimento de 5 millóns de euros

O Consello da Xunta tomou razón da nova convocatoria da liña axudas por valor de 9 millóns de euros, cofinanciados nun 70 % a través do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), destinadas á proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e infraestruturas dos portos pesqueiros, lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros que serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ao longo deste mes de xaneiro.

Poderán ser beneficiarias destas subvencións, as confrarías de pescadores, as agrupacións de interese económico do sector pesqueiro, as organizacións de produtores, as cooperativas, as asociacións profesionais de persoas pescadoras e mariscadoras, e as asociacións profesionais de redeiras. Os proxectos deben ter como obxectivo a mellora da eficiencia enerxética, a protección do medio ambiente, a seguridade e as condicións de traballo das persoas pescadoras, a calidade e incrementar o control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca e a seguridade das infraestruturas fronte a eventos meteorolóxicos provocados polo cambio climático.

Deste xeito o Goberno autonómico da continuidade a esta liña de apoios autonómicos, cunha terceira convocatoria ao abeiro do Fempa, co obxectivo de acadar un sistema portuario pesqueiro máis eficaz economicamente, tecnoloxicamente avanzado, socialmente integrador, enerxeticamente eficiente e que contribúa á neutralidade climática. Na última convocatoria foron financiados un total de 47 proxectos por valor de 5 millóns de euros que se suman aos executados nas anteriores desde o ano 2016 alcanzando a cifra de máis dun medio millar de actuacións, no marco do Plan de equipamentos portuarios, por todo o litoral galego que supuxo a mobilización de 26,5 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONVOCARÁ 1.664 PRAZAS NAS OPOSICIÓN DO ENSINO DE 2025, ESGOTANDO A TAXA DE REPOSICIÓN

- Salienta que “o 86 %” serán de novo ingreso e as restantes de promoción interna
- No proceso deste verán haberá 120 postos por cada 100 baixas, conforme ao 120% máximo permitido pola normativa estatal
- Supéranse así as 20.000 prazas convocadas desde 2009 para estabilizar a renovar o cadro de persoal docente de Galicia
- Resalta que este novo proceso de oposicións enmárcase no curso escolar “con maior número de docentes” da historia da comunidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello deu hoxe o visto e prace a “unha nova oferta de emprego público pola que se convocan 1.664 prazas no ensino galego para este 2025”. Isto supón que Galicia “esgota a taxa de reposición marcada desde o Goberno central” xa que no proceso deste verán haberá 120 postos por cada 100 baixas, conforme ao 120 % máximo permitido pola normativa estatal.

Así se desprende do informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a próxima Oferta Pública de Emprego que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP vai aprobar nas próximas semanas, logo de abordala previamente coas organizacións sindicais, e que eleva a 20.252 as prazas convocadas polo Goberno galego desde 2009 para renovar o cadro de persoal docente de Galicia.

Tal e como explicou Rueda, do total de prazas que se convocarán para este 2025, “o 86 % serán de acceso libre”, un total de 1.434. Ademais, “haberá 230 de promoción interna”, das cales 10 serán para o corpo de inspectores de educación e as 220 restantes para que mestres que forman parte xa do sistema poidan acceder ao un posto como profesores de Secundaria, isto é, para pasar do corpo A2 ao A1.

Este novo proceso de oposicións enmárcase nun contexto de baixada continuada da matrícula. Polo tanto, permitirá que Galicia siga mellorando o seu rateo de alumnos por profesor, que, tal e como destacou o presidente da Xunta, “xa é a terceira mellor de España, con 9,9 fronte á media estatal de 11,3”.

Máis profesores ca nunca

Ademais, Rueda destacou que a nova oferta pública de emprego contextualízase “no curso escolar no que o sistema educativo galego conta con máis docentes da historia” malia á baixada de alumnos e constitúe unha aposta polo profesorado galego, pola mellora das súas condicións e da carreira profesional docente.

Supón, ademais, un novo pulo para seguir mellorando o sistema educativo galego, cuxa calidade e resultados están avalados por informes internacionais coma o PISA.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A PRESTACIÓN DE SERVIZOS FINANCEIROS NO RURAL IMPULSADA POLA XUNTA PERMITIU REALIZAR XA MÁIS DE 480.000 OPERACIÓNS

- Máis de 51.000 persoas están a beneficiarse desta iniciativa que facilita aos concellos do rural caixeiros automáticos e servizos de formación e asistencia financeira
- O Consello da Xunta avaliou hoxe o resultado das actuacións levadas a cabo para incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios nas zonas rurais

A prestación de servizos financeiros no rural impulsada pola Xunta permitiu que se realizasen xa máis de 480.000 operacións nos caixeiros habilitados pola Administración autonómica, desde a súa posta en marcha no 2022.

Segundo o informe avaliado hoxe polo Consello, máis de 51.000 galegos están a beneficiarse do acceso aos servizos financeiros impulsado polo Goberno autonómico en colaboración cos 41 concellos do rural que, voluntariamente, se quixeron adherir a esta iniciativa. Estes municipios contan cun caixeiro automático operativo e con servizos de formación e asistencia financeira para solucionar calquera dúbida e poder contratar produtos igual que nunha oficina bancaria convencional, así como formación para utilizar tamén os servizos bancarios a través das novas tecnoloxías.

Esta iniciativa fai fronte á problemática que supoñía o acceso aos servizos bancarios no rural, co obxectivo de evitar a exclusión financeira e promover que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, tivese acceso a servizos financeiros de calidade. Deste xeito, desde que se puxo en marcha, impartíronse 28 actividades formativas en materia financeira e prestáronse 383 servizos de asistencia financeira.

A retirada de efectivo é, con moita diferenza, a operación máis recorrente. Así, segundo o documento, o 80 % das operacións realizadas son deste tipo.

Segundo se foron incorporando concellos, a Xunta foi incrementando a prestación dos servizos, ata acadar en 2024 as máis de 17.300 operacións mensuais de media, é dicir, máis de 500 operación diarias.

As entidades locais adheridas á iniciativa impulsada pola Xunta en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e Abanca son: Toques, Lousame, Dodro, Santiso, Vilasantar, Vilarmaior, Aranga, Paderne, Monfero, Dumbría e Coirós na provincia da Coruña; Ribeira de Piquín, Ribas de Sil, Samos e O Páramo na de Lugo; A Arnoia, A Peroxa, A Teixeira, Baltar, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo do Val, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Larouco, Lobeira, Melón, Oimbra, Os Blancos, Petín, Piñor, Pontedeva, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, San Xoán de Río, Taboadela, Toén, Vilar de Santos, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo, na provincia de Ourense.

A Xunta fíxose cargo do financiamento da iniciativa, polo que os concellos acollidos a esta medida non tiveron que realizar ningunha achega económica e só tiveron que ceder e acondicionar os espazos necesarios para a instalación dos caixeiros e a prestación dos servizos de asesoramento financeiro e formación que tamén inclúen os acordos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO PARA EXECUTAR NOVAS SENDAS PEONÍS NA ESTRADA AC-433 EN LAXE, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 940.000 €

- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter este proxecto a información pública, a efectos expropiatorios, nos vindeiros días
- A previsión é aprobar o proxecto a mediados deste ano para posteriormente realizar o levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a obra
- Proxéctase un primeiro tramo preto de Castrelo que finalizará no inicio da senda en Cabanas; e un segundo treito que permitirá a conexión entre Cabanas e Finllido
- Estes itinerarios, que se desenvolverán pola marxe dereita da citada estrada autonómica, suman unha lonxitude total de 1.903 metros
- Con estas actuacións daráselle continuidade aos itinerarios xa executados na AC-433 en Soesto e Serantes, conformando un itinerario continuo e seguro para os peóns
- O proxecto inclúese na segunda fase do Plan de sendas en estradas autonómicas, aprobado no mes de decembro polo Consello da Xunta de Galicia, e prevé que sexa cofinanciado con fondos europeos FEDER 21/27

O Consello da Xunta aprobou provisionalmente o proxecto para executar novas sendas peonís na estrada AC-433, en Laxe, cun investimento de preto de 940.000 €.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter este proxecto a información pública, a efectos expropiatorios, nos vindeiros días.

A previsión é poder aprobar o proxecto a mediados deste ano, para posteriormente realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións, e licitar a execución da obra.

Os traballos contarán cun prazo de execución de 12 meses e terán como obxectivo a execución de dous novos tramos de sendas peonís na estrada AC-433: un primeiro que parte do núcleo de Castrelo uníndose coa senda xa executada en Serantes; e un segundo, que enlaza este núcleo co de Laxe.

Estes itinerarios, que se desenvolverán pola marxe dereita da citada estrada autonómica, suman unha lonxitude total de 1.903 metros.

De xeito máis concreto, proxéctase un primeiro tramo de senda situado preto de Castrelo, no punto quilométrico 10+494, que finalizará no inicio da senda existente en Cabanas, no punto 11+076.


O segundo tramo permitirá a conexión entre Cabanas e Finllido, discorrendo entre os puntos 11+731 e 12+428. Neste treito prevense dúas zonas de aparcamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con estas actuacións daráselle continuidade aos itinerarios executados entre os anos 2022 e 2023 na AC-433 en Soesto e Serantes, no municipio de Laxe, conformando así un itinerario continuo e seguro para os peóns.

O proxecto inclúíuse na segunda fase do Plan de sendas en estradas autonómicas, aprobado no mes de decembro polo Consello da Xunta de Galicia, e prevese que sexa cofinanciado con fondos europeos Feder 21/27.

Plano do ámbito no que se proxecta a senda:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE O REFORZO DA INSPECCIÓN SANITARIA DA XUNTA TRADÚCESE NA ALTA DE MÁIS DE 13.600 PERSOAS EN SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL

- Explica que se citou de forma presencial, de xuño a decembro de 2024, a máis de 20.000 traballadores de baixa e, tras a inspección, o 67 % recibiron a alta
- Salienta a creación dunha unidade de apoio nas áreas sanitarias de Ferrol, Lugo e Santiago, que rexistran unha media de días de baixa superior
- A Xunta tamén pon en marcha medidas para reducir os trámites burocráticos para os pacientes
- Os partes médicos de incapacidade temporal xa inclúen a cita para a próxima consulta de recoñecemento, sen necesidade de ter que pedila
- O conselleiro de Sanidade anuncia que desde este mes de xaneiro os partes de baixa serán emitidos desde o hospital para pacientes con ingreso programado para seren operados

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Goberno autonómico está a reforzar o control dos procesos de incapacidade temporal (IT), o que se traduciu na citación presencial pola Inspección de Servizos Sanitarios, no período de xuño a decembro de 2024, de 20.254 pacientes. "No 67,5 % dos casos -13.684 persoas- detectouse que esta baixa médica -non estaba xustificada e recibiron a alta", indicou.

Esta é unha das conclusións do informe de mellora da xestión e do control dos procesos de incapacidade temporal que presentou hoxe a Consellería de Sanidade na reunión semanal do Executivo galego.

Tal e como explicou o presidente, outra das medidas postas en marcha pola Xunta foi "a creación dunha unidade de apoio" ás Unidades de Inspección e Control de Saúde Laboral "nas áreas sanitarias que presentan maior media de días de baixa entre os traballadores" no 2023, é dicir, en Ferrol, Lugo e Santiago.

Tras as entrevistas realizadas aos médicos de atención primaria, xunto coa citación presencial dos pacientes, o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, sinalou que no caso de Ferrol "só un 61,34 % dos casos valorados tiñan xustificada a súa permanencia en incapacidade temporal, un 60,99 % en Lugo e un 44,18 % en Santiago".

Para un control efectivo das baixas, a Consellería de Sanidade mantén unha formación continuada aos profesionais. É de especial interese a formación dos médicos internos residentes (MIR) de medicina familiar e comunitaria que, durante o ano 2024, rotaron tamén polas Unidades de Inspección e Control de Saúde Laboral nas catro provincias.

Redución de trámites

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda salientou a aposta da Xunta por “reducir e axilizar os trámites” tanto a hora de solicitar como de renovar as baixa médicas para facilitar este labor aos pacientes e aos sanitarios.

Nesta liña, o conselleiro resaltou que as probas diagnósticas que realicen as mutuas xa son incluídas na historia clínica electrónica do paciente do Sergas. Así evítase a duplicidade e a permanencia en situación de baixa por causas alleas ao traballador. Ao longo do ano 2024 foron autorizadas pola sanidade pública 10.806 probas a realizar polas mutuas.

Outra das medidas postas en marcha o pasado ano é fixar unha cita presencial para consulta no propio parte médico de baixa emitido polo facultativo de atención primaria, que estima a duración do proceso de incapacidade temporal e que establece a data do próximo recoñecemento. Deste xeito evítase que o paciente deba solicitar a cita cando se achegue a data e que poida non atopar ocos dispoñibles, o que podería dar lugar a una prolongación innecesaria da situación de incapacidade temporal.

E, tal e como anunciou o conselleiro, o Servizo Galego de Saúde traballa para comezar a emitir, desde este mes de xaneiro “os partes médicos de incapacidade temporal desde os servizos de admisión dos hospitais no caso dos pacientes ingresados e cunha cirurxía programada”. Con esta medida búscase evitar que un traballador que teña que facer unha operación programada “teña que ir ao día seguinte polo parte de baixa ao seu centro de saúde”.

Para evitar desprazamentos innecesarios aos pacientes, a Xunta xa facilita a cita telefónica de control para traballadores de baixa por neoplasias, fracturas ou covid. É dicir, no caso dun paciente con cancro, podería dispoñer de novos partes de baixa a través da aplicación É-Saúde, segundo marque o control do proceso que realiza o oncólogo que o atende.

Tamén, ao detectarse en Galicia unha infradeclaración de enfermidades profesionais, facilitarase a emisión de sospeitas de procesos derivados por este motivo polos médicos de atención hospitalaria. Evitarase así derivar ao paciente cun informe ao seu centro de saúde para a correspondente emisión desa sospeita, segundo os trámites establecidos neste momento.

Optimización da prestación de baixa

O informe sobre o control da incapacidade temporal presentado hoxe pola Consellería de Sanidade inclúe tamén a posibilidade de contar con unidades especializadas de consulta para estes procesos, en particular, no referente a patoloxías músculo-esqueléticas e psiquiatría menor.

O obxectivo é a diminución da duración daqueles procesos que excedan do tempo óptimo de duración, sempre que se realice unha xestión eficaz tanto de probas complementarias como de procedementos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra das accións a poñer en marcha será integrar no programa de xestión da incapacidade temporal do Sergas os modelos de partes específicos de Muface para a xestión deses procesos polos médicos de atención primaria do Servizo Galego de Saúde cando os mutualistas optan pola asistencia na sanidade pública.

Esta serie de medidas pretenden acadar unha xestión de baixas máis operativa, máis eficaz e máis áxil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA HABILITARÁ ESTE ANO HOSPITAIS DE DÍA ONCOHEMATOLÓXICOS EN BARBANZA E EN CEE

- Destinará 1,4 M€ ás obras das novas instalacións, prevéndose un maior esforzo no Hospital Público da Barbanza, onde é preciso construír un novo espazo para albergar o servizo
- Estímase que o hospital de día da Barbanza poida atender ata 640 pacientes ao ano e que o hospital de día de Cee asista a 365 doentes, que evitarán o desprazamentos a Santiago de Compostela e A Coruña
- A creación destes hospitais optimiza os recursos sanitarios e aproxima servizos de calidade e complexos á contorna da cidadanía, mellorando a calidade de vida dos pacientes e dos seus familiares
- Os hospitais de día posibilitan unha maior eficacia, cunha atención integral e continuada, permitindo un enfoque multidisciplinar do tratamento do cancro
- Facilitase o acceso a tratamentos especializados para enfermidades oncolóxicas e hematolóxicas como quimioterapia e transfusións, sen necesidade de desprazamento nin de hospitalización prolongada

A Xunta habilitará este ano hospitais de día oncohematolóxicos nos centros hospitalarios da rede sanitaria pública da Barbanza, en Ribeira, e de Cee, segundo o previsto nun informe da Consellería de Sanidade abordado polo Executivo galego na súa reunión semanal.

Para este fin, a Xunta, a través do Servizo Galego de Saúde, destinará un total de 1,4 millóns de euros ás obras das novas instalacións. O maior esforzo prevese no Hospital Público de Barbanza, onde é preciso construír un novo espazo para albergar a prestación deste servizo.

Segundo se recolle no informe da Consellería de Sanidade, a previsión é atender entre ata 640 doentes ao ano en tratamento no hospital de día da Barbanza, tendo en conta a taxa de incidencia do cancro e que a poboación deste distrito é de 64.000 habitantes.

Polo que atinxe ao distrito sanitario de Cee, a previsión é atender ata 365 doentes ao ano, cunha poboación de referencia de 36.000 persoas.

A creación destes hospitais optimiza os recursos sanitarios e aproxima servizos de calidade e complexos á contorna da cidadanía, mellorando a calidade de vida dos pacientes e os seus familiares. Ademais, posibilitará o acceso a tratamentos especializados para enfermidades oncolóxicas e hematolóxicas como quimioterapia e transfusións, sen necesidade de desprazamento nin de hospitalización prolongada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta iniciativa mellorará a calidade de vida dos pacientes, ao ofrecer tratamentos ambulatorios, posto que os doentes poden recibir atención médica sen interromper significativamente a súa vida diaria, podendo volver a casa no mesmo día.

Xunto ao anterior, os hospitais de día posibilitan unha maior eficacia, cunha atención integral e continuada, permitindo un enfoque multidisciplinar do tratamento do cancro, onde os pacientes poden recibir atención de oncólogos, hematólogos, persoal de enfermería e outros profesionais nun só lugar, o que facilita un seguimento máis próximo e unha atención máis coordinada.

A creación destes dispositivos asistenciais tamén posibilita a inclusión de programas de prevención e detección precoz, fundamental para mellorar os resultados dos enfermos de cancro. Así mesmo, un hospital de día pode ofrecer servizos de apoio psicosocial, como terapias e grupos de apoio, esenciais para o benestar do paciente.

Ademais, tendo en conta a prevalencia do cancro e enfermidades hematolóxicas na poboación, os hospitais de día axudarán a satisfacer esta necesidade e mellorar a atención na comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA ESTE VENRES UNHA ORDE ÚNICA DE MÁIS DE 40 M€ QUE PODERÁ BENEFICIAR A 8.700 AUTÓNOMOS

- Rueda salienta que o Goberno galego convocará por primeira vez de xeito conxunto estas achegas para “reducir papelame” e axilizar as resolucións
- As cinco liñas englobadas na orde estimulan desde o inicio de actividade -con apoios que inclúen a cota cero- á súa consolidación e mantemento -co Bono Autónomo e Bono Remuda-, ademais de axudas para conciliar e o Bono Nova Oportunidade
- Entre as novidades, e dentro da aposta por facilitar a transmisión de negocios rendibles no territorio, o Bono Remuda “engadirá axudas para os autónomos que deciden deixar o negocio”, ademais das incluídas para o que asume o relevo
- O Consello tamén analizou outras achegas que complementan a esta orde e que son as axudas á contratación indefinida por parte do colectivo e ás asociacións
- Galicia pechou 2024 con máis de 212.000 autónomos e representa preto do 20 % do total de afiliacións, case 4 puntos por enriba da media nacional

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou “publicar este venres unha única orde que unificará todas as axudas para os autónomos”. O obxectivo é dar resposta a “un dos compromisos adquiridos” para “reducir o papelame” para solicitar calquera tipo de achega.

A esta convocatoria de axudas, que se prevé publicar no *Diario Oficial de Galicia* o 17 de xaneiro, o Goberno galego destina máis de 40,7 millóns de euros e estímase que dela poidan beneficiarse, a través dos cinco programas incluídos nesta orde, “case 9.000 persoas” que inicien a actividade ou que xa estean a desenvolvela.

Deste xeito, os programas de achegas que incluírá esta convocatoria única van desde o inicio da actividade –como o programa de promoción do emprego autónomo e da cota cero– aos de consolidación e mantemento da actividade –Bono Autónomo e Bono Remuda–. Tamén incorpora os apoios á conciliación e o Bono Nova Oportunidade.

Trátase da primeira vez que o Executivo galego publica nunha orde conxunta todas as axudas específicas para as persoas traballadoras autónomas dentro dunha folla de ruta que se complementa con outros apoios como os destinados á contratación indefinida por parte do colectivo e ás asociacións de autónomos, tamén analizados hoxe no Consello.

Entre as novidades da orde conxunta e, dentro da aposta por facilitar a transmisión de negocios rendibles para favorecer a vertebración do territorio, o Bono Remuda engadirá –ás xa incluídas para quen asume o relevo– “axudas para quen decide deixar o negocio”, segundo explicou o presidente. A achega será de 6.000 € para os negocios situados en concellos de menos de 10.000 habitantes ou de 3.000 € para os ubicados en municipios de máis de 10.000 habitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso do Bono Autónomo, que está destinado á mellora da competitividade dos negocios, ampliarase o período dos gastos subvencionables abarcando o último trimestre do ano anterior ao de solicitude da axuda. Ata o de agora o período de gastos subvencionables ía do 1 de xaneiro ao 30 de setembro do mesmo ano.

Importes por programa

Dos máis de 40 millóns de euros desta convocatoria - cofinanciada parcialmente pola Unión Europea a través do Programa FSE+ Galicia 2021-2027-,, "case 29 millóns destinaranse ao programa de promoción do emprego autónomo", indicou Rueda, que consta de dúas liñas, unha para impulsar o inicio da actividade e o mantemento de emprego dos autónomos e outra coa que se garante a cota cero durante doce meses de actividade. Para o Bono Nova Oportunidade consignaranse 1,5 millóns de euros e os apoios do Bono Autónomo contarán con 8 millóns. No caso do Bono Remuda, o orzamento será de máis de 1,2 millóns e inclúe, ademais dos novidosos apoios aos autónomos que transmiten o negocio por xubilación, axudas para quen asume o relevo con dúas liñas, que son o Bono remuda rural, para negocios en concellos de menos de 10.000 habitantes, e o Bono remuda xeral, para os que están en concellos de 10.000 habitantes ou máis.

O quinto programa que incluírá a orde é o de conciliación, que conta cun orzamento dun millóns de euros e con tres liñas para apoiar a contratación, por parte dos autónomos, dunha persoa desempregada para cubrir a súa baixa de maternidade ou paternidade, ou por risco polo embarazo ou a lactancia e dunha persoa desempregada para o coidado de menores, maiores ou dependentes. A terceira liña prevé financiar servizos de coidado para as persoas ao cargo do profesional autónomo.

Os requisitos de cada un dos cinco programas que abarcará a orde conxunta e os períodos subvencionables poderán consultarse na orde que se publicará este venres. O prazo para presentar solicitudes estará aberto desde o 24 de xaneiro ata o 30 de setembro de 2025.

Axudas para a contratación indefinida e ás asociacións de autónomos

Esta medida enmárcase na aposta da Xunta para impulsar o traballo por conta propia, que pechou 2024 con máis de 212.000 autónomos, o que supón preto do 20 % con respecto ao total das afiliacións, case 4 puntos por riba da media nacional. Esta aposta referéndase coa Axenda de impulso ao emprego autónomo, dotada de 360 M€ ata o ano 2027.

En canto aos outros apoios mencionados anteriormente que complementan á orde única e que tamén se analizaron hoxe, ás axudas para favorecer a contratación indefinida e a formación de persoas desempregadas por parte dos propios autónomos destinaranse máis de 1,3 millón de euros coa previsión de contratar preto de 140 persoas desempregadas. Esta orde tamén se publicará este venres no DOG e é para apoiar a contratación do primeiro, segundo e terceiro traballador. Inclúe dous tipos de axudas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

compatibles entre si, que son o bono de contratación e o bono de formación para impulsar a cualificación das persoas traballadoras indefinidas empregadas.

No caso da orde para o funcionamento das asociacións de autónomos e a contratación de persoal de apoio, o importe destinado é de 350.000 euros e prevé publicarse no DOG en próximas semanas. O obxectivo é apoiar o movemento asociativo do colectivo na defensa dos seus intereses. A isto súmase a batería de achegas destinadas ao emprendemento -dotada con 32 millóns de euros este ano-, e na que os traballadores por conta propia teñen un protagonismo absolutamente primordial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A CONTRATACIÓN DE 1.700 PERSOAS PERTENCENTES A COLECTIVOS PRIORITARIOS CO NOVO PROGRAMA GALICIA EMPREGA DOTADO CON CASE 20 M€

- A iniciativa, analizada hoxe no Consello da Xunta e que se publicará en próximos días no DOG, beneficiará a mulleres, persoas mozas, paradas de longa duración, retornadas, estranxeiras, con discapacidade, en risco de exclusión e maiores de 52 anos
- Por primeira vez, incorpóranse no programa as axudas destinadas a promover a contratación feminina en eidos onde adoitan predominar os homes, estreadas en 2024 facendo fincapé en sectores tecnolóxicos e industriais de alto valor engadido
- Poderán optar aos apoios as persoas empregadoras e empresas –incluídos os autónomos, as sociedades civís e as entidades sen ánimo de lucro– que contraten de xeito indefinido persoas dos colectivos con maior dificultade de inserción laboral
- Entre os anos 2018 e 2024, a Xunta investiu neste programa máis de 85,6 M€, con máis de 8.200 empresas beneficiarias que posibilitaron máis de 10.500 contratacións
- A medida súmase a outras coas que Galicia seguirá promovendo a contratación de persoas desempregadas como as achegas á contratación indefinida por parte dos autónomos, incluída na batería de apoios a este colectivo, analizada tamén hoxe

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o programa Galicia Emprega 2025, dotado con 19,7 millóns de euros para promover a contratación estimada de 1.700 persoas desempregadas pertencentes aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral. Como novidade, a convocatoria inclúe 1,7 millóns para impulsar a presenza de mulleres en sectores tradicionalmente masculinizados, iniciativa que se estreou en 2024 facendo especial fincapé en sectores tecnolóxicos e industriais de alto valor engadido, como o da información e comunicación ou en actividades profesionais científicas e técnicas.

A convocatoria de achegas, que se publicará este mes no *Diario Oficial de Galicia*, está dirixida ás persoas empregadoras e empresas calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídos os autónomos e as sociedades civís, así como as entidades sen ánimo de lucro, centros especiais de emprego e empresas de inserción.

A actuación ten como fin a contratación indefinida e a tempo completo das persoas de colectivos prioritarios nas políticas activas de emprego da Xunta como a mocidade, mulleres, persoas paradas de longa duración, de 52 anos ou máis, emigrantes retornadas ou estranxeiras coa finalidade de aproveitar e reter o seu talento.

Importes por colectivo

Así, dos preto de 20 millóns de euros cos que conta o programa, ademais dos xa mencionados 1,7 millóns para impulsar a presenza de mulleres en sectores tradicionalmente masculinizados, 7 millóns de euros están dirixidos a promover a contratación de mulleres e 3,5 millóns de euros para persoas mozas e correspóndese co Galicia Emprega Moz@s, unha das iniciativas que se enmarca na Estratexia mocidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

activa para impulsar a empregabilidade e captar o talento da xente nova e que —tan só no caso da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración— estará dotada con 20 millóns de euros.

Para os parados de longa duración e persoas de máis de 52 anos, o importe consignado é de 2 millóns de euros e a mesma cantidade para persoas emigrantes retornadas e estranxeiras. O orzamento dirixido a incentivar a contratación de persoas con discapacidade ou risco exclusión social é de 3 millóns de euros e de 500.000 euros para todas as persoas en entidades sen ánimo de lucro.

Todas elas parten dun apoio base de 6.000 euros que se incrementa ata os 10.000 euros no caso de mulleres que se incorporen a sectores tradicionalmente masculinizados ou de persoas con discapacidade ou en risco ou situación de exclusión social, entre as que tamén se permite a contratación parcial. Estas contías base por cada contrato que se desenvolva poderán incrementarse nun 15 % se o centro de traballo está situado nun concello rural, entre outros supostos acumulables entre si.

Galicia Emprega, así mesmo, prevé incentivos para a transformación de contratos de tempo parcial a tempo completo, para a adaptación de postos de traballo para as persoas con discapacidade e para o incremento de duración dos contratos fixos discontinuos. A contía máxima posible de axuda, de aplicarse todos os incrementos, será de 14.500 euros por persoa contratada.

Cómpre engadir que entre os anos 2018 e 2024, a Xunta de Galicia investiu máis de 85,6 millóns de euros nesta iniciativa, con 8.223 empresas beneficiarias que posibilitaron 10.502 contratacións.

Compromiso a prol da empregabilidade

O programa Galicia Emprega súmase a outras iniciativas ás que o Goberno galego seguirá dando pulo este ano para continuar apoiando a contratación de persoas desempregadas de cara á mellora das súas oportunidades laborais. Entre estes apoios están as achegas á contratación indefinida por parte dos autónomos, incluída na batería de apoios a este colectivo e analizada tamén hoxe no Consello da Xunta, ou o programa Investigo 2025, dotado con máis de 4,8 millóns de euros para apoiar a contratación de menores de 30 anos no eido da investigación, a tecnoloxía e a innovación e que foi avaliado polo Consello do Goberno galego en decembro.

Con estas medidas, Galicia contribúe á tendencia positiva do mercado laboral, que pechou decembro de 2024 cunha redución do paro nos colectivos prioritarios nas políticas activas de emprego da Xunta como os menores de 30 anos, as mulleres e os parados de longa duración. Así, a cifra de desempregados con menos de 30 anos (13.101) foi a máis baixa nun decembro desde que hai rexistros e a de mulleres desempregadas (68.160), a máis baixa de toda a serie histórica (desde 2005). Ademais, o dato de parados de longa duración (59.725), caeu un -7,80 % con respecto a hai un ano, mellorando o dato de decembro de 2008.